

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOECHE

Convocatoria e Bases das subvencións para a organización de festas parroquiais do Concello de Moeche no ano 2017

EDICTO

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 14 de xuño de 2017, prestou a súa aprobación a convocatoria e bases para a concesión de subvencións para a organización de festas parroquiais:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS DO CONCELLO DE MOECHE NO ANO 2017

Esta convocatoria rexeráse polo disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, no RD 887/2006, polo que se aproba o regulamento xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo resto de lexislación que lle resulte aplicable. E efectúase de conformidade coa Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Moeche, aprobada polo Pleno en sesión de 26 de xaneiro de 2005, e publicada no BOP nº 37 de 16 de febreiro de 2005.

1. Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención

É obxecto das presentes bases regular a concesión mediante concorrencia competitiva, de axudas ás asociacións e comisións de festas deste Concello de Moeche para a celebración das seguintes festas patronais:

PARROQUIA	DENOMINACIÓN DA FESTA	MES DE CELEBRACIÓN
Abade	Santiago	Xullo
	Nosa Señora de Guadalupe	Setembro
Labacengos	San Xiao	Maio
	Santa María	Agosto
Santa Cruz	Festa do Carme	Xullo
	San Cibrao	Setembro
San Xoán	San Xoán	Xuño
	San Ramón	Agosto/setembro
	Nosa Señora do Rosario (Balocos)	Outubro
San Xurxo	San Xurxo	Abril
	San Marcos	Abril
	Nosa Señora dos Dolores	Setembro

2. Créditos orzamentarios

As subvencións que se concedan con cargo á presente convocatoria serán lles imputadas aos créditos previstos na partida 338.480.00 do orzamento de gastos e un orzamento máximo total de 3.600 € e cun importe máximo de 300 €/ festa.

3. Requisitos dos solicitantes da subvención

Serán requisitos para participar na presente convocatoria os seguintes:

- Carecer de ánimo de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Moeche.
- Ter concedido o correspondente permiso do Concello de Moeche para realizar as festas patronais.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións

4. Presentación de solicitudes e documentación necesaria.

4.1.- As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse nos impresos normalizados que se inclúe como anexos as presentes bases. Poderán obterse nas oficinas municipais e na paxina web municipal www.concellodemoeche.com e presentaranse no Rexistro Municipal do Concello de Moeche ou na sede electrónica do concello <https://sede.>

moeche, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da recepción da comunicación da concesión por parte do Concello da autorización para a celebración da festa para a que se solicite a subvención

No caso das festas, xa celebradas no ano 2017 antes da aprobación da presente convocatoria, o prazo de presentación da solicitude será dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación da convocatoria no BOP

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

A) Se o solicitante está constituído como asociación

Solicitude en modelo normalizado que se facilitará no Rexistro municipal (Modelo I) e que incluirá:

- Programa das festas, datas de celebración e orzamento de gastos.
- Número de asociados en activo.
- Declaración do presidente da asociación de estar ao día das obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- Declaración do presidente da entidade de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Certificación do acordo de nomeamento dos membros da Xunta Directiva da asociación con expresión do nome, DNI e cargo.
- Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación

B) Se o solicitante non está constituído como asociación

Solicitude en modelo normalizado (Modelo II) que se facilitará no Rexistro municipal e que incluirá:

- Programa das festas, datas de celebración e orzamento de gastos.
- Compromiso dos integrantes de realizar a actividade. (No caso de non realizarse antes de presentar a solicitude)
- Declaración do representante da entidade de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Compromiso do representante de dedicar as cantidades subvencionadas á actividade.
- Escrito subscrito polos integrantes da comisión nomeando representante para os efectos de trámites administrativos e de recepción do importe da subvención.
- Certificado da conta bancaria a nome da comisión ou do representante da comisión designado para o cobro da subvención

4.2. A documentación que se entregue en fotocopia ha de vir debidamente compulsada, ou ben presentar os orixinais no concello para a súa compulsas.

4.3. O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 4, deberá ser emendado no prazo de 10 días dende a recepción do requirimento.

5. Concesión da subvención

A concesión da subvención realizarase por acordo da Xunta de Goberno Local e notificaráselles ás persoas ou entidades interesadas, igualmente, ao final do exercicio, publicarase na páxina web do concello unha relación dos beneficiarios das axudas reguladas nas presentes bases. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán presentarse os recursos que procedan.

6. Xustificación e pagamento.

O prazo para a presentación da documentación xustificativa no Rexistro Xeral do Concello será de UN MES contado dende o día seguinte ao de ter recibido a notificación da concesión da subvención, de acordo co modelo recollido no anexo 3

A) Os gastos xustificativos da subvención deben axustarse ás actividades solicitadas.

B). O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade subvencionada.

C). A cantidade concedida non poderá ser superior ao 80 % da cantidade xustificada. Se o importe da cantidade xustificada é inferior á cantidade que corresponda aplicando esta porcentaxe, a axuda reducirase proporcionalmente.

D). Documentación que debe presentar:

- Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

- Declaración xurada do representante na que se certifique que o gasto reflectido nestas se dedicou á actividade obxecto da subvención.

- Orzamento de gastos e ingresos da festa con declaración das subvencións ou axudas recibidas

E). O pagamento da subvención realizarase no prazo dun mes contado a partir da presentación da documentación xustificativa, se esta resulta conforme.

F) A falta de presentación da documentación xustificativa no prazo previsto nas presentes bases supón a perda subvención concedida

7. Fin da vía administrativa

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes que contará dende o día seguinte de recibir a notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol.

Disposición adicional

Para os efectos de salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos as subvencións concedidas deben quedar incorporadas ao Rexistro Público de Subvencións.

ANEXO 1

Solicitud de subvención para a celebración de festas patronais

(Asociacións)

D./D^a _____, con DNI nº _____, e domicilio para efectos de notificacións _____, enderezo electrónico _____, en calidade de PRESIDENTE da Asociación _____

Comparezo ante este Concello de Moeche para EXPOR:

Que a Asociación _____ ten previsto proceder a celebración/ ten celebrado (táchese o que non proceda) da seguinte festa:

- Denominación da festa:
- Lugar, parroquia:
- Datas de celebración:

Orzamento de gastos

CONCEPTO	IMPORTE

Solicita do Concello de Moeche a concesión dunha subvención para os gastos de organización da indicada festa

Documentación que se achega

- Programa das festas.
- número de asociados en activo.
- Declaración do presidente da asociación de estar ao día das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

• Declaración do presidente da entidade de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

• Certificación do acordo de nomeamento dos membros da Xunta Directiva da asociación con expresión do nome, DNI e cargo.

• Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación

Moeche, de de 2017

A persoa interesada

ALCALDESA DO CONCELLO DE MOECHE

=====

D./D^a _____, con DNI nº _____, en calidade de PRESIDENTE da Asociación denominada _____ DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- Que o número de asociados en activo e de _____.
- Que esta asociación está ao día das obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- Que esta asociación non esta incurso en ningún dos supostos de prohibición previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

Moeche a de de 2017

A persoa interesada

D./D^a _____, con DNI nº _____, en calidade de secretario/a da Asociación denominada _____

Certifico

Que a Xunta Directiva da asociación esta integrada polos seguintes membros

CARGO	NOME	DNI	DATA NOMEAMENTO

E, para que conste, expídese en _____ a ____ de _____ de 2017

O /A secretario/a

ANEXO II

Solicitud de subvención para a celebración de festas patronais
(Comisións de festas)

D./D^a _____, con DNI nº _____, e domicilio a efectos de notificacións _____, enderezo electrónico _____, en calidade de representante da Comisión de festas de _____

Expoño

Que a Comisión de festas de _____, ten previsto proceder a celebración/ ten celebrado (táchese o que non proceda) da seguinte festa:

- Denominación da festa:
- Lugar, parroquia:
- Datás de celebración:

Orzamento de gastos

CONCEPTO	IMPORTE

Solicito

a concesión dunha subvención para os gastos de organización da indicada festa.

Documentación que se achega

- Programa das festas
- Escrito subscrito polos integrantes da comisión nomeando representante para os efectos de trámites administrativos e de recepción do importe da subvención
- Compromiso dos integrantes de realizar a actividade. (No caso de que non se realizara antes de presentar a solicitude) ou declaración de que a actividade xa foi realizada
- Declaración do representante da entidade de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Compromiso do representante de dedicar as cantidades subvencionadas á actividade.
- Certificado da conta bancaria a nome da comisión ou do representante da comisión designado para o cobro da subvención

Moeche, _____ de _____ de 2017

A persoa interesada

ALCALDESA DO CONCELLO DE MOECHE

- D./D^a _____, con DNI n° _____
- D./D^a _____, con DNI n° _____
- D./D^a _____, con DNI n° _____
- D./D^a _____, con DNI n° _____
- D./D^a _____, con DNI n° _____

En calidade de membros da comisión de festas de _____ comparecen ante o Concello de Moeche para manifestar que

• nomean representante para os efectos de trámites administrativos e de recepción do importe da subvención a D./D^a _____, con DNI _____

• Comprométense a organizar a festa de _____, os días _____ de _____ de 2017 OU Declaran que a festa de _____ celebrouse os días _____ de _____ de 2017
_____ a _____ de _____ de 2017

Os/as interesados/as

=====

D./D^a _____, con DNI n° _____, en calidade de REPRESENTANTE da Comisión de Festas de _____

En nome e representación dela

DECLARO que a entidade non esta incurso en ningún dos supostos de prohibición previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

COMPROMÉTOME a dedicar as cantidades subvencionadas á actividade

_____ a _____ de _____ de 2017

A persoa interesada

Asdo. _____

ANEXO III

D./D^a _____, con DNI n° _____, en calidade de REPRESENTANTE da Comisión de Festas de _____,

OU en calidade de PRESIDENTE da Asociación denominada _____

En nome e representación da mesma

Comparezo para manifestar

Que, con data _____ de _____ de 2017, celebrouse na parroquia de _____ a festa de _____ para a que foi concedida a oportuna autorización municipal

Que o orzamento de gastos e ingresos da festa é o seguinte

INGRESOS		GASTOS	
CONCEPTO	IMPORTE	CONCEPTO	IMPORTE
total	0		

Que as das subvencións ou axudas recibidas, son as seguintes

ORGANISMO	IMPORTE
total	0

Moeche a de de 2017

A persoa interesada

D./Dª _____, con DNI nº _____, en calidade de
REPRESENTANTE da Comisión de Festas de _____,
OU en calidade de PRESIDENTA/E da Asociación denominada _____
En nome e representación da mesma

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE o gasto reflectido nas facturas que se achegan, correspondentes a festa
de _____ da parroquia de _____ dedicouse á actividade obxecto da subvención

Moeche, de de 2107

A persoa interesada

Moeche, 19 de xuño de 2017

A alcaldesa

Asdo. Beatriz Bascoy Maceiras

2017/5347